

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 16, 12-15

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

– «Aínda teño moitas cousas que vos dicir, pero non podedes con elas agora. Cando veña El, o Espírito da Verdade, havos encamiñar á verdade plena, pois non vos falará pola súa conta, senón que vos dirá o que escoitou e anunciaravos o que ha de pasar.

El hame glorificar, pois recibirá do meu e interpretarávolo.

Todo o que ten o Pai é meu, por iso vos dixen recibirá do meu e volo interpretará a vós.»